

DIANA MERA (A Cañiza, 1979)

Actriz, creadora e directora escénica. Titulada superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia (especialidade de Dirección de escena e dramaturxia) e diplomada en Educación Primaria, cun Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo e un diploma en Interpretación pola Escola de Teatro Santart (dous anos intensivos).

No 2016 recibe, xunto con Merche Pérez e Teté García, o premio María Casares ao mellor texto orixinal polo espectáculo *30 e tantos ósos*.

Desde o 2003 ata o 2012, participa como actriz en diversas montaxes na Compañía Arela das Artes da que foi fundadora xunto con Marta Pérez, con traballos dirixidos por Roberto Cordovani, Charo Amador ou Carlos Álvarez- Ossorio.

A partir do 2009 comeza a dirixir os seus espectáculos nos que tamén actúa: *Degoiro* de Sarah Kane, *69*, *Muller nº9*, *30 e tantos ósos*, *6 cubos negros en corpo branco*, *Soga e Cinsa*. Os cinco últimos de creación propia, nunha liña posdramática na procura dunha ética e estética persoais. É auxiliar de dirección en *El Cuello de la Jirafa* de Matarile Teatro no 2015. Encárgase da dirección do espectáculo familiar *Os reloxos preguiceiros de Néboa no 2016* -sendo unha das actrices do elenco- e *dirixe Todo Sobre Eva* de Xandra Táboas, premio Abrente ex aequo, estreada na MIT de Ribadavia no 2017

No terreo da arte de acción participa como performer na ESAD de Galicia, no Conservatorio Superior de Vigo e na creación *Azag*. Escena deserta, con motivo da fundación da revista de artes escénicas *Núa* da que é co-fundadora xunto con Julio Fernández. Continúa afondando neste contexto con as accións: *A Figueira*, *Un xardín por (re)construír* e *A Illa das Matriarcas* en coprodución con Joanna Hruby.

No campo audiovisual, participou como actriz na serie web *Interfecto* e na longametraxe *Olhares de Perfil* de ArsA Crastinum.

Para ampliar a súa técnica corporal e vocal realizou numerosos cursos de voz, danza, clown e dirección; destacando o máster de Comedia dell'arte con Ferruccio Merisi e Claudia Contin en Pordenone, Italia, durante un mes intensivo. Formou parte do grupo de creación dirixido por Lagartijas tiradas al sol na 2ª edición de Escenas do Cambio.

Impartindo clase durante dez anos. Foi fundadora da Aula Municipal de teatro da Cañiza e traballou na Aula de Teatro do Carballiño durante dous anos e na de Arbo nun ano.

A partires do 2019 comeza a mergullarse no mundo da coprodución con outras compañías para unificar forzas en proxectos puntuais: Theatre of the Ancients, Inversa Teatro e Olivas Negras.